



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



CEIP PLURILINGÜE NOSA SRA. DA PIEDADE

Rúa Neira Vilas, 44

36590 Vila de Cruces – Pontevedra

E-mail:

ceip.nosashora.piedade@edu.xunta.gal

Tfno. 886151752 - Fax: 886151754



COMEDORES ESCOLARES

PROTOCOLO COMEDOR ESCOLAR

CEIP PLURILINGÜE NOSA SEÑORA DA PIEDADE

CURSO 2023/2024

O funcionamento, modalidade e admisión de alumnado para o comedor contéplase no decreto 132/2013, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Esta normativa regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar, polo que o CEIP Plurilingüe Nosa Sra da Piedade organízase como un comedor de tipo C en modalidade de xestión directa.

Tamén se ten en conta a Instrución 2/2023 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación Formación Profesional e Universidade, do 1 de xuño, sobre o funcionamento dos comedores escolares de xestión directa durante o curso escolar 2023/2024

1. ORGANIZACIÓN: ESPAZO E TEMPO

QUENDA	CURSOS	LUGAR	HORA DE XANTAR	HORA DE SAÍDA
ÚNICA	Ed. Infantil	Comedor habitual	13:10 h	14:35 h
	Ed. Primaria	Comedor habitual	13:10 h	14:35 h

- ✓ As portas do comedor permanecerán sempre abertas
- ✓ A organización do tempo libre despois de xantar realízase do seguinte xeito:
 - * Se as condicións meteorolóxicas o permiten o alumnado xoga no patio escolar.
 - Educación Infantil ocupa o lugar onde tiveron o recreo da mañá.
 - Educación Primaria xogan na zona de herba e nas pistas asfaltadas.
 - * Se non se pode saír ao patio:
 - Educación Infantil xoga no ximnasio do edificio nº 1
 - Educación Primaria: distribuiranse en tres zonas interiores con material e xogos organizados. (Pacios dinámicos no interior)

2. MEDIDAS ADOPTADAS

➤ PERSOAL DE COMEDOR

Durante este curso 2023/2024 o comedor escolar ten como colaboradores/as un grupo de mestres/as organizados e distribuídos en distintas quendas.

✓ Medidas específicas para o comedor

- O persoal encargado da vixilancia de comedor non poderá abandonalo, a non ser con causa xustificada e sempre con autorización da dirección do centro ou encargada de comedor.
- Sempre que sexa posible, deberá avisar con antelación, da non asistencia á vixilancia do comedor para cubrir a súa substitución.
- O persoal de garda debe chegar con puntualidade.
- Exercer función educativa, antes, durante e despois da comida segundo o plan anual de servizo de comedor.
- Posibilitar a adquisición de hábitos sociais e unha correcta utilización e conservación dos útiles de comedor :
 - Hábitos hixiánicos.
 - Habituar a que o alumnado coma un pouco de todo.
 - Pídese o que se precisa levantando a man, e por favor.
 - Limpáranse co pano de mesa, nunca coa manga.
 - Non se debe falar coa boca chea.
 - Sáese e entrase en orde, sen correr nin berrar.
 - Non columpiarse nas sillas.
- Informar a dirección ou encargada de comedor de calquera incidencia.
- Atender ao alumnado despois de xantar, atendendo ás actividades planificadas para este período.

➤ **ALUMNADO USUARIO**

1. Normas.

- O alumnado debe acudir ao comedor con puntualidade e permanecer nel coa debida compostura, atendendo en todo momento as indicacións dos/as mestres/as colaboradores/as.
- O alumnado entra no comedor sin ningún tipo de accesorio nin complemento:
 - ✓ Educación infantil deixa as súas pertenzas na súa aula de referencia e as cazadoras/abrigos cólganse nas perchas do corredor acceso ao comedor.
 - ✓ Educación primaria deixa as súas pertenzas na aula, se baixa con cazadoras abrigos colgaranos na súa silla.
- Farase lavado/desinfección de mans antes de entrar.
- Éntrase e sáese do comedor por grupo-aula, en orde e en silencio.
- Sentaránse no lugar asignado e non se debe abandonar a mesa ata rematar.
- Salvo necesidade moi perentoria non se pode ir ao baño.
- Hai que comer algo de todo, valorando os alimentos. Non se pode tirar a comida na mesa, nin no

chan, ni aos compañeiros/as, nin xogar con ela. (O chan debe quedar limpo, sen restos de comida).

- Empregarase axeitadamente o pano de mesa e os cubertos.

- Non se pode compartir vaixela nin cubertería.

- Só se pode falar no momento en que a comida estea servida, mantendo o ton de voz e volumen axeitado, sen berrar (A interlocución só poderá ser cos/as compañeiros/as situados de lado e enfrente). Explicaráselles as razón desta medida para contar coa súa colaboración. Sempre que o persoal colaborador o indique hai que facer silencio.

- Os alumnos/as e 6º nivel colaborarán, na distribución dos alimentos e na recollida das súas respectivas mesas.

- Os/as encargados/as sirven a auga das xerras unha vez que o mestre/a colaborador llo indique. (Só poden servir os encargados/as ou o mestre/a) (Recoméndase que sexa o persoal colaborador e os encargados/as os/as que manipulen bandexas, xerras de auga para limitar ao máximo os contactos cos citados utensilios).

- Non se realizará cepillado de dentes, que deberá adiarse á chegada do fogar.

- Colocarase as cadeiras sen arrastrar, facendo pouco barullo.

- Ningún alumno pode entrar na cocina

- O menú do comedor será único para todos os comensais, todos deben comer de todo, agás nos casos de alumnos/as que padezan calquera tipo de intolerancia ou alerxia alimentaria ou enfermidade celíaca, tamén se farán dietas blandas xustificada mediante informe médico.

2. Incumprimento da norma. Medidas a adoptar.

- ✓ No caso de condutas reiteradas ou graves é preciso recollelo no libro de incidencias situado en secretaría. Neste caso a dirección do centro actuará en consecuencia, en función dos feitos, da idade do comensal, da constancia ou non de condutas disruptivas... impondo unha medida sancionadora, previa comunicación aos pais/nais ou titores legais e informando a Inspección Educativa.

- ✓ Privación do dereito a comer no comedor, por un tempo máximo de tres días e de reincidir, quedarán apartados de asistir ao mesmo durante o que quede de curso, previo informe a Inspección Educativa.

- ✓ Permanecer de pé, de xeito puntual, reflexionando sobre a súa conduta.
- ✓ Quedar sen tempo de lecer despois de xantar. En ningún caso poderán quedar sós.
- ✓ Limpar o que previamente se manchou: mesa, chan...
- ✓ Realizar tarefas de limpeza: axudar a poñer a mesa, barrer...
- ✓ Retirada da función de colaborador/a cando a súa conduta non sexa axeitada.
- ✓ Cambialos de mesa, se a súa conduta é persistente.
- ✓ Reflexionar no tempo recreo sobre a súa conduta, durante o tempo que estime oportuno o persoal de atención ao comedor.
- ✓ Pedir desculpas.

➤ Organización do comedor

- O cociñeiro trae ao comedor os carros da comida, non debendo entrar o persoal colaborador nas dependencias da cociña. O persoal colaborador encargase de repetir a comida, pan e auga. O alumnado colaborador non debe abandonar a súa mesa nin pasear polo comedor.
- Todas as mesas contan con alumnado colaborador.
- Todos os alumnos teñen asignado un sitio fixo no comedor. Por razóns organizativas non se deben facer cambios. Se houberse algunha causa que obrigue a realizar algún , deberán ser consultados co/coa encargado/a de comedor ou co/coa director/a.
- Salvo necesidade urxente o alumnado de educación primaria non debe ir ao baño, se alguén de educación infantil precisara ir, será controlado polo persoal colaborador.
- No comedor non quedará ningún alumno/a realizando tarefas da clase. Só permanecerá no comedor o alumnado que no momento de saír a recreo, non rematara de comer ou fose corregido, de xeito reiterado, por algo relacionado no comedor, e será vixiado polo persoal de garda.